



Concello de Meaño

D^a. M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, secretaria-interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 5 de marzo de 2018, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“13º.- ESCRITOS E ASUNTOS VARIOS.

A Sra. Alcaldesa dá conta dos escritos e asuntos de contido vario que de seguido se relacionan:

- Solicitudes de axuda económica.-

* Visto o escrito presentado por D. Paulo Nogueira Porto, como director do CEIP As Covas (Meaño), con data de rexistro de entrada no Concello de Meaño 05-03-2018, nº 2018-E-RC-835, polo que solicita axuda económica para a viaxe organizada polo centro, cunha duración de tres días, e na que está prevista a participación de 19 alumnos/as de 6º curso da primaria a Cabeza de Manzaneda.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda conceder unha axuda polo importe de 20,00 €/participante, con cargo á aplicación presupostaria do Estado de Gastos do Presuposto Municipal 2018: 326.48002.

Xustificación e pagamento:

Para poder percibir esta axuda a entidade beneficiaria (CEIP As Covas-Meaño) deberá presentar, **unha vez realizada a excursión**, a seguinte documentación:

- Instancia dirixida á Sra. alcaldesa-presidenta na que se solicita o pago da axuda.
- Certificación do Secretario/a do Centro no que constará: número de alumnos participantes, gasto total, e si dispoñen doutras axudas o importe das mesmas.
- Certificación bancaria.
- Copia do CIF do centro”

.../...

E para que así conste e para os efectos de remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións, expido e asino o presente, de orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa D^a M^a Lourdes Ucha Varela, en Meaño.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe